

# **UNHA UNIDADE MÓBIL DE ADOS ACHEGA O SOLIDARIO XESTO DA DOAZÓN DE SANGUE ATA O PARLAMENTO DE GALICIA**

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), desprazou unha unidade móvil ata a cámara lexislativa galega.

A Axencia visita como mínimo dúas veces ao ano o Parlamento de Galicia, dentro das campañas de colectas de sangue que efectúa ADOS en empresas e organismos públicos e que representa o 9% de todas as doazóns recollidas en Galicia ao longo do ano. Así mesmo, dende o 2001, as unidades móbiles de ADOS visitaron en vinte e unha ocasións o Parlamento de Galicia.

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue quere amosar a súa gratitud ás persoas que doan sangue de maneira habitual pero, de forma especial nesta ocasión, a todos os deputados e deputadas e aos profesionais que desenvolven o seu traballo na cámara lexislativa galega.

Dende ADOS quérese agradecer ao Parlamento de Galicia a súa contribución á consecución dun adecuado número de doazóns de sangue, recoñecemento que se fai extensivo a toda a ciudadanía galega que, nalgún momento teñen doado sangue para posibilitar o desenvolvemento do gran labor asistencial do noso sistema sanitario.